



Instrumento 2º

UNHA IGREXA EN SAÍDA: ACOLLEDORA, SAMARITANA E TRANSFORMADORA NO CORAZÓN DO MUNDO

VER: CANDO O COVID-19 MOSTROU UNHA IGREXA FOGAR CON ROSTRO SAMARITANO

“Vós sodes o sal da terra..., vós sodes a luz do mundo” (Mt 5,13-14)

- A situación de confinamento puxo en primeira liña a determinados colectivos: sanitarios, supermercados, transportistas, forzas de seguridade, persoal de farmacia. Ante este protagonismo saltou a pregunta: Onde está a Igrexa? A Igrexa, calada e eficazmente, estaba en primeira liña da acción socio-caritativa e poñendo ao servizo das autoridades edificios e persoas para facer fronte á situación que viviamos. Os voluntarios de Cáritas Diocesana, Arciprestais e Parroquiais e Conferencias de San Vicente de Paúl, desvivíanse para que a ninguén lle faltase o necesario. De maneira conxunta con Protección Civil, Cruz Vermella e outras ONGs, a Igrexa non só deu a talla, senón que mostrou como o amor fraterno que nace da fe vivida e celebrada se multiplicaba en xestos de proximidade, servizo e comunión de bens. Con todo, isto non sempre se vinculaba coa Igrexa e a súa misión e presentábase coma unha mera solidariedade humana, que tamén o é. Moitos a acusaban de estar de perfil e o acoso nas redes sociais aumentaba. Esta realidade debería de convidarnos a preguntarnos que estamos a facer mal para que moitos non vexan o que a Igrexa está a facer? Sempre haberá quen non queira ver, quen descoñeza ou quen se deixe guiar polos tópicos de sempre pero, no fondo non estará na mente de moitos unha concepción da Igrexa clerical ou unha actitude anticlerical? A Igrexa, para moitas persoas, seguen a ser os bispos, os curas e as monxas. Incluso un colectivo de laicos de boa vontade, sen pretendelo, dirixiron o foco do seu malestar contra os bispos e os sacerdotes co slogan: “non nos rouben a Misa”, cando a Igrexa, tamén eles, estaban chamados a coidar o ben supremo da vida evitando todo encontro e risco de posible contaxio. Pero tampouco podemos deixar no tinteiro o testemuño de moitos laicos que coa súa vida e nas redes sociais puxeron de manifesto o labor silencioso, pero inmenso, dunha Igrexa solidaria e próxima aos máis vulnerables. Cando aínda resoa no fondo de moitos corazóns a dor pola perda de seres queridos, queda na nosa retina a imaxe dun sacerdote acompañando esa dor dende o silencio da fe no Resucitado. Cando case ninguén podía estar para despedir aos que o covid-19 levaba, alí estaba a Igrexa co seu testemuño calado, dando calor e esperanza a quen se ía e a quen quedaba coa necesidade dun dó pendiente. Cando os que carecían do necesario eran desviados dos servizos sociais por medios telemáticos, eran os voluntarios de Cáritas, por medio do comedor e os servizos centrais, arciprestais e parroquiais os que tiñan a porta aberta para acoller e poñer nas mesas o imprescindible con todas as precaucións, porque eles tamén eran persoas de risco.
- Non podemos deixar de valorar o esforzo do **mundo sanitario** e de tantos crentes que nel desenvolveron o seu labor sen tregua, neses días. Tamén sacerdotes, capeláns de hospitais, algúns dos cales se contaxiaron e outros atoparon a morte, servindo a quen loitaba por vivir.

- **A familia** recobrou un protagonismo inesperado. Ao vernos confinados no fogar, con moi poucas horas para saír, a convivencia entre os membros da familia medrou. Moitos tiveron a oportunidade de descubrir a riqueza de ter tempo para dedicarse uns aos outros e fortalecer o agarimo e os lazos familiares. Pero tampouco faltaron as tensións, conflitos e a saúde afectiva viuse ameazada. As familias crentes redescubriron o seu ser de “Igrexa doméstica” e comezaron a asumir o papel de catequistas de seus fillos, de animadores da oración compartida no fogar ou uníndose á Eucaristía dominical polos medios de comunicación. Cantos sacerdotes e laicos se puxeron ao día no uso das TICS para estar preto das persoas confinadas e paliar a súa soidade apoiando o labor da familia!
- Así mesmo **o traballo** trasladouse das oficinas ás habitacións do fogar. Isto que posibilitaba estar xuntos, non sempre facilitaba a convivencia. Con todo, o teletraballo apareceu coma unha necesidade nese momento e veu para quedar.
- A sociedade, freada no seu ritmo de vida e confinada entre catro paredes, tiña necesidade dunha catarse liberadora. Esta canalizouse a través dos aplausos das 20 h co desexo de alentar e soste a quen o estaba dando todo polos demais. Unha singular terapia colectiva para liberar a angustia da soidade que se converteu en oportunidade para coñecer aos veciños, ata o de agora próximos pero descoñecidos.
- Nunha **economía** golpeada, os máis vulnerables tórnanse máis fráxiles. O paro de todas as actividades non esenciais supuxo un forte golpe a unha economía que non acababa de despegar tras a crise do 2008. Os recortes en sectores esenciais e no sector servizos e as contendas ideolóxicas que levaron a gastar enerxías máis en disputas internas de partidos que na procura do ben común, puxeron de relevo moitas carencias e faltas de previsión. Non había medios de protección en hospitais, nin para os que tiñan que traballar necesariamente. As residencias de anciáns atopáronse cunha avalancha de contaxios que levaron por diante unha parte da historia do noso pobo e os sen teito e con carencia de recursos víronse en situación dunha vulnerabilidade extrema. Pero tampouco podemos esquecer que o confinamento, ao reducir a mobilidade, permitiu que a “irmá nai terra” respirase e a contaminación descendese. Unha gran lección para coidar a casa común e tomar en serio o compromiso de facer un mundo máis respirable e habitable. Un consumismo sen control e unha economía do descarte feren de morte ás persoas e ao planeta.
- O confinamento aumentou a soidade, sobre todo dos nosos maiores a quen os seus non podían visitar, nin nos seus fogares, nin nas residencias. Os medios telemáticos paliaron un pouco o frío desta distancia, pero botábanse en falta os abrazos, as miradas e as palabras de agarimo. Aquí os menos prexudicados foron as xentes do mundo rural que, debido á pouca poboación e á dispersión, puideron seguir practicamente coa súa rutina cotiá.

VER VIDEO-TESTEMUÑO en YouTube (canal da Diocese de Ourense): os segres e a súa misión no mundo. A primacía da caridade.

<https://youtu.be/9GIPWFIEPYA>

XULGAR: SER FERMENTO TRANSFORMADOR NO CORAZÓN DUNHA SOCIEDADE INDIVIDUALISTA

“Alumee así a vosa luz ós homes para que vexan as vosas boas obras” (Mt 5,16)

- ❖ **A primacía da caridade.** O papa Francisco destacouno en múltiples ocasións. Cando os densos nubeiros da pandemia enchían o mundo de dor e morte, o amor fraterno desbordouse en xestos concretos. A Igrexa “hospital de campaña” estaba á beira dos máis golpeados por esta pandemia sandando as feridas e dando esperanza con xestos sinxelos: un templo aberto, unha palabra de alento, a dispoñibilidade para achegar a compra ou a medicación, o servizo nos comedores de Cáritas, a distribución de alimentos nas parroquias. Certo que estes servizos víronse desbordados polos usuarios, pero tamén experimentaron como as mans dos voluntarios e as doazóns crecían. As chamadas de teléfono, as mensaxes e vídeo-chamadas paliaban a soidade das persoas e mostraban unha Igrexa que sae ao encontro das persoas alí onde están, primando sempre o don sacro da vida. O confinamento puxo de relevo a urxencia de promover unha pastoral en equilibrio. Se a Eucaristía é o centro, non é o único e precisamente dela nace a caridade que nos leva a organizarnos en Cáritas para que o amor de Deus se traduza en obras de misericordia para os fillos de Deus máis necesitados material ou espiritualmente. Unhas Cáritas que asumen a súa misión de modo integral: asistencia, promoción e denuncia da inxustiza. Non podemos reducir a acción caritativa da Igrexa para ser a man de obra barata para distribuír alimentos. Urxe coidar a acollida e acompañamento e para iso é imprescindible promover a formación, espiritualidade e sentido eclesial dos voluntarios. Só así iremos logrando que Cáritas sexa a Igrexa servindo a Cristo pobre e se perciba como tal. Porque este labor non o facemos para ser recoñecidos, senón para ser testemuñas do amor de Deus e en colaboración con todas as persoas e institucións de boa vontade que, como a Igrexa, traballan pola dignidade dos fillos e fillas de Deus.

- ❖ **O coidado da casa común.** O papa Francisco regaláranos a Encíclica “Laudato si”, advertíndonos da necesidade de coidar a casa común que o Creador nos ten doado. Se o confinamento permitiu diminuír a contaminación, debemos de ser conscientes de que a Igrexa ten que incorporar a mensaxe ecolóxica á súa misión. Isto non por unha moda ou esnobismo, senón porque brota da fe no Deus creador que nos confiou a tarefa de coidar a terra. Quizais o coñecemento e estudo da Encíclica “Laudato si”, sexa algo a promover nos grupos de formación e a difundir polos medios posibles para que tamén sexa coñecido na sociedade. Sería un modo de conectar con esta sensibilidade social e dar a coñecer a mensaxe cristiá.

- ❖ **Cristiáns laicos, Igrexa no mundo.** Os bispos españois escribían (19.12.1991):“*A nova evanxelización farase, sobre todo, polos laicos, ou non se fará*” (CLIM 148). A etapa de confinamento mostrou como só cun laicado formado e comprometido pode facer resoar o Evanxeo no medio dos ambientes. Cando se di “a Igrexa está de perfil”, quizais sexa porque moitos profesionais cristiáns non se amosan como crentes nos seus ambientes de traballo ou consideran que isto non ten que ver coa súa fe e é o seu campo de testemuño e santificación. Tarefa difícil nun mundo secularizado onde aparecer como cristián non é valorado ou mesmo é desprezado, pero só así, cuns laicos bos profesionais e decididos a dar testemuño da súa fe, o Evanxeo imbuirá o corazón do mundo. O Congreso de laicos celebrado en febreiro, pouco antes do confinamento, debe ser unha lombeirada á nosa Igrexa para promover a corresponsabilidade na misión tanto “ad intra” como “ ad extra”. Só unha Igrexa que vive en comunión e camiñando xuntos na mesma dirección, vivindo a diversidade como un don do Espírito, poderá levar ao home e a muller de hoxe a alegría do Evanxeo para ofrecer

esperanza e sentido, máis aló da dor e a morte. É necesario potenciar o apostolado tanto asociado como individual e ofrecer canles de formación para saber dar razón da nosa esperanza no medio do mundo. Xa o Concilio Vaticano II, puxo de relevo a urxencia de promover o asociacionismo dos laicos para que *se manifeste mellor a comunidade da Igrexa e resulte máis eficaz o apostolado*. Así mesmo, o Decreto Apostolican Actuositatem define as notas de identidade destas *formas de apostolado, xa se chamen Acción Católica, xa con outro nome*. Estas notas son: O seu fin é o mesmo **fin apostólico da Igrexa**, é dicir, a evanxelización e santificación dos homes e a formación cristiá; **traballan unidos** á maneira dun corpo orgánico; **asumen a responsabilidade na dirección destas organizacións** e actúan en **cooperación corresponsable coa xerarquía**... todas as asociacións que, a xuízo da xerarquía, reúnan esas notas han de entenderse como Acción Católica, aínda que por esixencias de lugares e pobos tomen varias formas e nomes (Cf. AA 20).

- ❖ **Da familia burbulla á familia solidaria.** A familia é o mellor e máis eficaz dos servizos sociais. Cando a sociedade non chega, aí está a familia. Ela acompañou a soidade e abriu as súas portas ao servizo entre veciños para afrontar situacións de vulnerabilidade. Pais e fillos tiveron que aprender a arte de pasar de delegar a afrontar a misión á que nunca se debe renunciar: educar e acompañar. Pero a ameaza do individualismo da sociedade actual, tamén corre o risco de facer xurdir a “familia burbulla”, preocupada de si e dos seus, que se esquece do seu compromiso na sociedade: *Pero non podo reducir a miña vida á relación cun pequeno grupo, nin sequera á miña propia familia, porque é imposible entenderme sen un tecido máis amplo de relacións: non só o actual senón tamén o que me precede e me foi configurando ao longo da miña vida* (FT 89). A distancia social que se nos impón non pode levarnos a volvernos estraños uns para os outros. A familia como célula da sociedade e da Igrexa debe ser escola de valores que axude a construír un mundo novo máis fraterno e solidario, onde ninguén quede descartado e xuntos busquemos o ben común por encima de ideoloxías, como nos pide o papa Francisco na súa encíclica *Fratelli tutti* (FT).
- ❖ **Os novos areópagos para que resoe o Evanxeo.** O confinamento puxo de relevo a importancia das redes sociais e neses novos areópagos os laicos, como Igrexa, deben implicarse para facer resoar a mensaxe do Evanxeo. Pero para non caer no risco de dedicarnos a divulgar meras opinións ou gustos persoais, é necesario promover unha boa formación e axudar a madurar unha verdadeira conciencia eclesial. A boa vontade non chega para que a verdade brille no medio de tantas tebras. Coa presenza, o testemuño, a palabra e a imaxe, urxe facerse presentes nos novos areópagos para que o Evanxeo da vida resoe e sexa coñecido con verdade e sen verse desfigurado por querer que primen as lexítimas sensibilidades persoais. É urxente promover o laicado, tanto asociado como non asociado, para que o Reino de Deus actúe como fermento no medio da masa e a alegría do Evanxeo encha o corazón de cuantos se atopan con Cristo (Cf. EG 1).
- ❖ **Repensar a imaxe da Igrexa.** A impresión é que ao falar da Igrexa, seguimos a pensar en bispos, sacerdotes e Vida Consagrada e así actuamos. Sabemos que no mundo sanitario, nos medios de comunicación, no sector servizos, nos corpos e forzas de seguridade do Estado hai moitos crentes, polo tanto a Igrexa estaba aí en primeira liña de loita. Con todo, isto non chegaba á sociedade. Falar dunha Igrexa en saída implica que deixemos de pensar que a Igrexa é só a comunidade reunida ao redor da mesa da Eucaristía ou de calquera actividade catequético-formativa ou de caridade. A Igrexa reunida é enviada e faise presente no medio do mundo por medio da acción dos crentes. Estes, nunha sociedade profundamente secularizada e cunha “cristianofobia”

palpable necesitarán de acompañamento, unha forte espiritualidade e capacitación para dar testemuño da súa fe e o seu ser e sentirse Igrexa alí onde se atopen con naturalidade e audacia. Isto, sendo conscientes de que se atoparán cun amplo sector da sociedade, mesmo algúns que se din crentes, que se poñerán de perfil para non ver o labor, calado pero efectivo, que a Igrexa fai, nin recoñecelo. Isto convídanos a repensar a nosa pastoral e acoller a chamada á conversión persoal e pastoral para ser unha Igrexa máis evanxelizada e evanxelizadora, máis misioneira e en saída. Unha Igrexa cuxos membros son conscientes de que o seu campo de misión e santificación é o mundo da economía, a política, os servizos e, para iso, urxe difundir e dar a coñecer a Doutrina Social da Igrexa, non só entre os crentes, senón a todas as persoas de boa vontade con quen comparten o proxecto de construír un mundo máis xusto, fraterno e solidario.

ACTUAR

“Estade sempre dispostos a dar razón da vosa esperanza” (1Pe 3,15)

PROPOSICIÓNS APROBADAS POLA ASEMBLEA SINODAL NA SESIÓN 4ª

TEMA 1

Proposta 1. Buscar e crear grupos de fieis preparados ou dispostos a recibir formación, para que informen sobre as noticias propias da Igrexa e conviden a participar nas súas campañas e actividades.

Si	141.....	93,38%
Non	6.....	3,97%
Abstención.....	4.....	2,65%
TOTAL.....	151.....	100,00%

Proposta 2. Empregar os distintos medios ó noso alcance para dar a coñecer as diferentes realidades do noso entorno cos seus retos, facendo escoitar a voz profética da Doutrina Social da Igrexa en defensa da dignidade das persoas.

Si	139.....	92,67%
Non	3.....	2,00%
Abstención.....	8.....	5,33%
TOTAL.....	150.....	100,00%

Proposta 3. Realizar algún acto simbólico en lugares públicos para dar a coñecer as campañas da Igrexa e informar convenientemente das mesmas.

Si	116.....	76,32%
Non	14.....	9,21%
Abstención.....	22.....	14,47%
TOTAL.....	152.....	100,00%

Proposta 4. Realizar en cada arciprestado unha presentación informativa anual da labor pastoral, sociocaritativa e económica da Igrexa diocesana, con especial incidencia na labor que se desenvolve nesas zonas pastorais.

Si	131.....	87,33%
Non	5.....	3,33%
Abstención.....	14.....	9,33%
TOTAL.....	150.....	100,00%

Proposta 5. Realizar e dar a coñecer un listado de grupos ou institucións da Igrexa implicadas nas realidades sociais do entorno para ofrecer canles reais de voluntariado a aqueles que estean interesados.

Si	131.....	86,18%
Non	6.....	3,95%
Abstención.....	15.....	9,87%
TOTAL.....	152.....	100,00%

Proposta 6. Crear centros de referencia que coordinen e fagan visible o traballo pastoral da Igrexa.

Si	119.....	78,29%
Non	13.....	8,55%
Abstención.....	20.....	13,16%
TOTAL.....	152.....	100,00%

Proposta 7. Promover canles de formación para axudar ós laicos a tomar conciencia da dimensión socio-política da súa fe, por medio do estudo da Doutrina Social da Igrexa.

Si	136.....	90,07%
Non	9.....	5,96%
Abstención.....	6.....	3,97%
TOTAL.....	151.....	100,00%

TEMA 2

Proposta 1. Crear a diversos niveis grupos cuxos membros se entreguen aos máis necesitados priorizando a escoita e o acompañamento.

Si	128.....	84,77%
Non.....	6.....	3,97%
Abstención.....	17.....	11,26%
TOTAL.....	151.....	100,00%

Proposta 2. Realizar a colecta anual do día da Caridade e a colecta do primeiro domingo de mes para Cáritas, lembrando o seu sentido e finalidades.

Si	119.....	78,81%
Non.....	19.....	12,58%
Abstención.....	13.....	8,61%
TOTAL.....	151.....	100,00%

Proposta 3. Constituír ou potenciar, a diversos niveis, un equipo de Cáritas que actúe coordinadamente para amparar a quen sofre carencias básicas.

Si	127.....	83,55%
Non.....	11.....	7,24%
Abstención.....	14.....	9,21%
TOTAL.....	152.....	100,00%

Proposta 4. Promover a Pastoral da Saúde coa colaboración de todos os membros da comunidade parroquial.

Si	135.....	89,40%
Non.....	7.....	4,64%
Abstención.....	9.....	5,96%
TOTAL.....	151.....	100,00%

Proposta 5. Fomentar a colaboración da Igrexa en actividades sociocaritativas que se desenvolvan, sobre todo, no mundo rural.

Si	130.....	87,25%
Non.....	6.....	4,03%
Abstención.....	13.....	8,72%
TOTAL.....	149.....	100,00%

Proposta 6. Integrar na programación pastoral das parroquias e coidar na catequese a formación para a caridade, como expresión do amor de Deus e esixencia da nosa fe.

Si	140	92,11%
Non	5	3,29%
Abstención.....	7	4,61%
TOTAL	152	100,00%

Proposta 7. Seguir traballando na comunicación e coordinación entre as distintas Cáritas, buscando complementariedade, axuda e apoio mutuo.

Si	132	87,42%
Non	7	4,64%
Abstención.....	12	7,95%
TOTAL	151	100,00%

Proposta 8. Coñecer e difundir a postura da Igrexa sobre o coidado integral do medio ambiente e a Casa común e realizar accións concretas a todos os niveis.

Si	113	76,35%
Non.....	12.....	8,11%
Abstención.....	23.....	15,54%
TOTAL.....	148.....	100,00%

Proposta 9. Impulsar accións concretas para a acollida e integración na comunidade parroquial dos inmigrantes.

Si	134	87,58%
Non.....	5.....	3,27%
Abstención.....	14.....	9,15%
TOTAL.....	153.....	100,00%

Proposta 10. Favorecer o aumento dos socios de Cáritas, tanto dentro coma fóra da comunidade cristiá.

Si	108.....	71,05%
Non.....	21.....	13,82%
Abstención.....	23.....	15,13%
TOTAL.....	152.....	100,00%

TEMA 3

Proposta 1. Propoñer canles para espertar na comunidade a beleza da vocación laical que nace do Bautismo e é participación da única misión da Igrexa.

Si	123.....	81,46%
Non	12.....	7,95%
Abstención.....	16.....	10,60%
TOTAL.....	151.....	100,00%

Proposta 2. Concienciar sobre a vocación bautismal ó apostolado, en orde a realizalo nos nosos ambientes máis próximos: familia, traballo, amigos; dando testemuño de vida cristiá, tratando de vivir con coherencia e alegría os valores do evanxeo.

Si	130.....	87,25%
Non.....	8.....	5,37%
Abstención.....	11.....	7,38%
TOTAL.....	149.....	100,00%

Proposta 3. Implantar e potenciar, os ministerios e servizos laicais nos diferentes ámbitos da vida da Igrexa (educación na fe, liturxia e caridade), cunha preparación adecuada.

Si	133.....	87,50%
Non.....	5.....	3,29%
Abstención.....	14.....	9,21%
TOTAL.....	152.....	100,00%

Proposta 4. Informar sobre as necesidades da comunidade eclesial en orde a promover a colaboración e corresponsabilidade dos laicos.

Si	122.....	81,88%
Non	8.....	5,37%
Abstención.....	19.....	12,75%
TOTAL.....	149.....	100,00%

Proposta 5. Buscar canles para alentar a participación dos laicos nas diversas organizacións sociais, políticas e económicas de cara á busca do ben común de todas as persoas.

Si	124.....	81,58%
Non	11.....	7,24%
Abstención.....	17.....	11,18%
TOTAL.....	152.....	100,00%

Proposta 6. Promover a colaboración das parroquias e institucións eclesiásticas con actividades das diversas asociacións civís en orde a promover o ben común conforme á Doutrina Social da Igrexa.

Si	132.....	86,84%
Non	9.....	5,92%
Abstención.....	11.....	7,24%
TOTAL.....	152.....	100,00%

GUIÓN PARA A REFLEXIÓN:

- ❖ Que aspectos destacas do documento e cales botas en falta?
- ❖ Que valores sinalarías no labor do laicado na nosa Igrexa? Que lagoas descubres na misión do laicado e cales son as súas causas?
 - Canles e propostas e orde a:
 - Promover o apostolado asociado e non asociado na nosa Igrexa.
 - Promover a formación e o testemuño dos laicos no mundo e en que campos sería máis urxente neste momento.
 - Promover a dimensión samaritana da fe: pastoral da saúde, acollida nas comunidades, acompañamento, proximidade, saír ao encontro de toda persoa en situación de vulnerabilidade...
 - Promover o coñecemento da Doutrina Social da Igrexa en orde a ofrecer principios, criterios e pistas de acción para o compromiso dos laicos.
 - Promover a presenza de Cáritas no territorio e formar un voluntariado que traballe nas súas tres dimensións: asistencia, promoción e denuncia.

GUIÓN PARA LA REUNIÓN.

- Facer chegar o documento con tempo para que poidan lelo e reflexionalo persoalmente.
- Encontro para a posta en común e concreción de propostas

Comezar cun momento de oración, suxerimos a que segue.

Grazas dámosche, Xesús, porque sentimos con gozo a calor da túa presenza no noso corazón.

Igualmente queremos sentir cada día con máis forza, a calor da túa presenza no corazón dos nosos irmáns e irmás,

no corazón dos nosos próximos feridos... os teus preferidos.

O teu amor, a túa ledicia e a túa forza, habitan en cada un de nós,
e impúlsannos a formar unha comunidade viva,
unha comunidade onde estamos chamados a amarnos,
onde non hai excluídos, onde non hai esquecidos,
unha comunidade que quere saír aos camiños
para contaxiar o tesouro que nos deches,
un tesouro que nos lanza a rescatar aos próximos feridos,
aos próximoscaídos pola inxustiza, a maldade e a indiferenza.

Queremos vivir alegres, para levar aos catro ventos a alegría do teu Evanxeo.
Queremos vivir unidos sentíndonos familia humana,
para xuntos facer posible grandes cousas,
un mundo novo, unha presenza do teu Reino,
un mundo onde ninguén se sinta marxinado, excluído, desamparado.

Queremos ser instrumentos nas túas mans,
para seguir abrindo camiños de Esperanza.

Concédenos a graza, Señor, de ser alí onde esteamos, o teu SAL e a túa LUZ,
para que vendo as nosas obras,
os demais poidan dar gloria ao noso Pai Deus do ceo, o teu abba querido.

Acollemos a Palabra de Deus do Evanxeo segundo San Mateo.

“Vós sodes o sal da terra; pero se o sal se desvirtúa con que se salgará? Para nada vale xa, senón para tirala fóra e que o pisen os homes. Vós sodes a luz do mundo. Non pode ocultarse unha cidade situada na cima dun monte. Tampouco se acende unha lámpada para tapala cunha vasilla de barro; senón que se pon no candeeiro, para que alumee a todos os que están na casa. Brille de tal modo a vosa luz diante dos homes que, ao ver as vosas boas obras, dean gloria ao voso Pai que está nos ceos.” (Mt 5, 13-16)

Breve momento de interiorización: Pódese escoitar a canción “A Sal e a luz” de Brotes de Olivo:
https://youtu.be/gLUqpxttp_M

Ser SAL e LUZ

Seino.
Son sal e luz;
sal para salgar e luz para alumear.
O meu é desfacirme como o sal
salgando aos demais,
e consumirme coma o lume,
alumeando e quentando aos demais.
O meu é ser salgueiro da vida
e clarexar o horizonte da historia,
da historia cotiá de cada día.
O meu é ser digno fillo teu.

(Florentino Ulibarri)

- Compartimos o reflexionado persoalmente e concretamos propostas: Pódese proxectar o vídeo que acompaña o documento e facer unha breve síntese para refrescar as ideas e axudar a comprendelas mellor.

Logo convídase a que cada un comparta a súa reflexión e lemos as proposicións que aprobamos vendo se é necesario facer algunha nova para enviar á Secretaría do Sínodo e incluír no documento que se someterá á votación na Asemblea.

- Concluír coa Oración polo froito do Sínodo.

